

**ABAU**  
**CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA**  
**Ano 2021**  
**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**  
**HISTORIA DA FILOSOFÍA**  
**(Cód. 34)**

O alumnado debe de responder a UNHA das catro preguntas da Proba. Se responde a máis preguntas só se avaliará a primeira que desenvolveu.

A **calificación total da PREGUNTA é de 10 puntos**, que se e distribúen do seguinte xeito:

**PREGUNTA 1: 10 PUNTOS.**

**1.1.** Comente o fragmento proposto e, a partir do comentario, desenvolva a cuestión: *Os límites do coñecemento en Kant*. **A calificación máxima é de 6 puntos: 3 para o comentario do fragmento e 3 para a cuestión proposta asociada.**

a) No Comentario do fragmento valorarase a *comprensión* do tema e do problema recollido no texto, especialmente no que atinxe aos seus *conceptos fundamentais* e a *estrutura argumentativa*, así como tamén a capacidade de *relacionar o texto* con un contexto máis amplo (do autor e do seu lugar na Historia da Filosofía). Deste xeito, o comentario do fragmento da *Crítica da Razón Pura* de Kant deberá manifestar unha axeitada comprensión do estatuto e alcance da “Razón pura” no proceso e problema do coñecemento, do significado epistémicos da Ilustración, dos tipos de xuízos, da relación entre experiencia e entendemento, do significado, sentido e función do *a priori*, da función das facultades do coñecemento en relación aos mesmos. O alumnado debe de ser quen de establecer unha axeitada contextualización da temática do texto no pensamento de Kant e deste na historia da filosofía. **Cualificación máxima 3 puntos.**

b) A cuestión teórica asociada avaliarase atendendo á pertinencia dos contidos informativos da resposta verbo do que se pregunta, á precisión no uso dos conceptos e á coherencia e articulación discursiva da exposición (especialmente nas súas referencias ao comentario de texto), na que ademais se terá en conta a corrección expresiva e gramatical. Deste xeito, a cuestión *Os límites do coñecementos en Kant*, atenderá entre outros contidos “á necesidade dos xuízos a priori no Idealismo Trascendental da Filosofía Ilustrada” e o seu desenvolvemento na *Crítica da Razón Pura*: á importancia do correcto uso da Razón na Ilustración entendida como Filosofía Crítica en relación al “dogmatismo” y al “escepticismo” como estados de conocimiento; el estatuto de la “Razón Pura”, la posibilidad de la metafísica en relación a la filosofía como ciencia; la importancia e insuficiencia de la experiencia y la necesidad del *a priori*; la relación de las facultades (intuición): sensibilidad y entendimiento y la posibilidad de los juicios sintéticos a priori. **Cualificación máxima 3 puntos.**

**1.2.** Explique un dos tres temas: **A calificación máxima será de 4 puntos.**

**1.2.1.** A orixe do cosmos na corrente presocrática

**1.2.2.** Platón: antropoloxía e política.

**1.2.3.** Alienación e ideoloxía en Marx.

O alumnado debe de responder a UNHA das tres opcións temáticas que se lle ofrecen. A avaliación da cuestión teórica escollida farase en base á pertinencia dos contidos informativos da resposta, á precisión no uso dos conceptos e á coherencia e articulación discursiva da exposición. Tamén terase en conta a corrección expresiva e gramatical.

**1.2.1.** Deste xeito, a cuestión *A orixe do cosmos na corrente presocrática*, atenderá entre outros contidos á comprensión da orixe do *logos* filosófico, á diferenza entre “mito” e “logos”, á noción de cosmos e cosmoxía, os principais elementos de orixe (física e non física) propostas polos “presocráticos”. **Cualificación máxima 4 puntos.**

**1.2.2.** Deste xeito, a cuestión *Platón: antropoloxía e política* atenderá, entre outros contidos, ao dualismo antropolóxico platónico, a metáfora da inmortalidade da alma e a reminiscencia, as formas de cidade Estado e as súas clases sociais, ás nocións e valores da xustiza, etc. **Cualificación máxima 4 puntos.**

**1.2.3.** Deste xeito, a cuestión *Alienación e ideoloxía en Marx* atenderá, entre outros contidos, á importancia da ideoloxía na revolución social, á noción de Capital e estrutura económica, ás relacións de produción coa sociedade de clases e á alienación; a importancia da Ideoloxía como identidade da Filosofía Alemana e como “antítese” da *praxis* no Materialismo, etc. **Cualificación máxima 4 puntos.**

## PREGUNTA 2: 10 PUNTOS.

**2.1.** Comente o fragmento proposto e, a partir do comentario, desenvolva a cuestión: *Hume: crítica das ideas de substancia e causalidade*. **A cualificación máxima é de 6 puntos:** 3 para o comentario do fragmento e 3 para a cuestión proposta asociada.

a) No Comentario do fragmento valorarase a *comprensión* do texto, especialmente no que atinxe aos seus *conceptos fundamentais* e a *estrutura argumentativa*, así como a capacidade de *relacionar o texto* e un contexto máis amplo (do autor e do seu lugar na Historia da Filosofía). Deste xeito, o comentario do fragmento das *Investigacións sobre o coñecemento humano* (Sec. IV, Parte I) de Hume deberá manifestar unha axeitada comprensión das aportacións do Empirismo na Filosofía Moderna, ás formas de experiencia como formas de impresións, ás ideas e impresións de reflexión, ás paixóns e ás emocións verbo da noción de substancia. **Cualificación máxima 3 puntos.**

b) A cuestión teórica asociada avaliarase atendendo á pertinencia dos contidos informativos da resposta verbo do que se pregunta, á precisión no uso dos conceptos e á coherencia e articulación discursiva da exposición (especialmente nas súas referencias ao comentario de texto), na que ademais se terá en conta a corrección expresiva e gramatical. Deste xeito, a cuestión *Hume: crítica das ideas de substancia e causalidade*, atenderá entre outros contidos e ademais do sinalado no comentario, ao problema do causalismo, á regularidade das cuestións de feito, aos límites da experiencia en relación á indución e a inferencia, á diferenza entre modos e substancia, etc. **Cualificación máxima 3 puntos.**

**2.2.** Explique un dos tres temas: **A cualificación máxima será de 4 puntos.**

**2.2.1.** Dialéctica socrática e relativismo dos sofistas.

**2.2.2.** O problema Razón/Fe na Filosofía Medieval.

**2.2.3.** Ortega y Gasset: a razón vital.

O alumnado debe de responder a UNHA das tres opcións temáticas que se lle ofrecen. A avaliación da cuestión teórica escollida farase en base á pertinencia dos contidos informativos da resposta, á precisión no uso dos conceptos e á coherencia e articulación discursiva da exposición. Tamén terase en conta a corrección expresiva e gramatical.

**2.2.1.** Deste xeito, a cuestión *Dialéctica socrática e relativismo dos sofistas*, atenderá entre outros contidos manifestar á comprensión do movemento Sofista na filosofía grega e expresar a importancia e formas de relativismo verbo do método socrático da dialéctica (maieútica). **Cualificación máxima 4 puntos.**

**2.2.2.** Deste xeito, a cuestión *O problema Razón/Fe na Filosofía medieval*, atenderá á influencia do cristianismo no debate filosófico, e en particular a comparación entre razón e fe como formas, ben complementarias ou ben antagónicas, de coñecemento na Filosofía da Idade Media: a relación entre fideísmo (“coñecemento por revelación”) e naturalismo (“coñecemento natural”); aos elementos de relación e comparación entre teoloxía e filosofía, o fundamentalismo gnoseolóxico, a ontoteoloxía e o problema dos universais. Avaliarase atendendo á pertinencia, precisión no uso dos conceptos, e a coherencia e articulación discursiva da exposición, na que ademais se terá en conta a corrección expresiva e gramatical. **Cualificación máxima 4 puntos.**

**2.2.3.** Deste xeito, a cuestión Ortega y Gasset: a razón vital atenderá, entre outros contidos, á explicar o significado de “razón vital” (vitalismo) e a explicar a función contemporánea da filosofía verbo da realidade primeira e concreta (“vida”) do ser humano fronte ás categorías clásicas da Razón, a importancia da “perspectiva” e da “circunstancia” como fenómenos subxectivos de coñecemento, etc. **Cualificación máxima 4 puntos.**

### PREGUNTA 3: 10 PUNTOS.

**3.1.** Comente o fragmento proposto e, a partir do comentario, desenvolva a cuestión: *Platón: antropoloxía e política*. **A cualificación máxima é de 6 puntos:** 3 para o comentario do fragmento e 3 para a cuestión proposta asociada.

a) No Comentario do fragmento valorarase a *comprensión* do tema e do problema recollido no texto, especialmente no que atinxe aos seus *conceptos fundamentais* e a *estrutura argumentativa*, así como tamén a capacidade de *relacionar o texto* con un contexto máis amplo (do autor e do seu lugar na Historia da Filosofía). Deste xeito, o comentario do fragmento de *República* (432b-435c) de Platón deberá manifestar unha axeitada comprensión dos conceptos principais do texto proposto, e establecer ademais unha correcta contextualización da súa temática no pensamento de Platón e deste na historia da filosofía. **Cualificación máxima 3 puntos.**

b) A cuestión teórica asociada avaliarase atendendo á pertinencia dos contidos informativos da resposta verbo do que se pregunta, á precisión no uso dos conceptos e á coherencia e articulación discursiva da exposición, na que ademais se terá en conta a corrección expresiva e gramatical. Deste xeito, a cuestión *Platón: antropoloxía e política*, atenderá entre outros contidos "ás formas de cidade, ás nocións e valores da xustiza", os dualismos platónicos verbo das clases sociais, a dialéctica, etc. **Cualificación máxima 3 puntos.**

**3.2.** Explique un dos tres temas: **A cualificación máxima será de 4 puntos.**

**3.2.1.** Descartes: o problema do método e a evidencia do cogito.

**3.2.2.** A lei moral en Kant.

**3.2.3.** Alienación e ideoloxía en Marx.

O alumnado debe de responder a UNHA das tres opcións temáticas que se lle ofrecen. A avaliación da cuestión teórica escollida farase en base á pertinencia dos contidos informativos da resposta, á precisión no uso dos conceptos e á coherencia e articulación discursiva da exposición. Tamén terase en conta a corrección expresiva e gramatical.

**3.2.1.** Deste xeito, a cuestión *Descartes: o problema do método e a evidencia do cogito*, atenderá: a unha axeitada comprensión do estatuto e alcance da dúbida, dos tipos de ideas e do argumento *res infinita* no pensamento de Descartes; á necesidade do Método no Racionalismo da Filosofía Moderna; á estrutura do Método (partes e regras) e o seu desenvolvemento, a función-tipos de dúbida e a evidencia da "res cogitans", etc. **Cualificación máxima 4 puntos.**

**3.2.2.** Deste xeito, a cuestión *A lei moral en Kant* atenderá a unha axeitada comprensión do estatuto e alcance da "Razón Práctica" no contexto da Filosofía Ilustrada, do "formalismo kantiano" e do carácter deontolóxico da súa proposta ética así como do imperativo moral. **Cualificación máxima 4 puntos.**

**3.2.3.** Deste xeito, a cuestión *Alienación e ideoloxía en Marx* atenderá, entre outros contidos, á importancia da ideoloxía na revolución social, á noción de Capital e estrutura económica, ás relacións de produción coa sociedade de clases e á alienación; a importancia da Ideoloxía como identidade da Filosofía Alemana e como "antítese" da *praxis* no Materialismo, etc. **Cualificación máxima 4 puntos.**

#### PREGUNTA 4: 10 PUNTOS.

**4.1.** Comente o fragmento proposto e, a partir do comentario, desenvolva a cuestión: *Ética e política en Aristóteles*. **A cualificación máxima é de 6 puntos:** 3 para o comentario do fragmento e 3 para a cuestión proposta asociada.

a) No Comentario do fragmento valorarase a *comprensión* do tema e do problema recollido no texto, especialmente no que atinxe aos seus *conceptos fundamentais* e a *estructura argumentativa*, así como tamén a capacidade de *relacionar o texto* con un contexto máis amplo (do autor e do seu lugar na Historia da Filosofía). Deste xeito, o comentario do fragmento de *Ética a Nicómaco* (L.I, 1094a-1094b) de Aristóteles deberá manifestar unha axeitada comprensión das constantes da Filosofía aristotélica, especialmente no que toca a súa comprensión do “ser político” e da “virtude intelectual e da virtude moral”; e establecer ademais unha correcta contextualización da súa temática no pensamento de Agustín de Hipona e deste na historia da filosofía. **Cualificación máxima 3 puntos.**

b) A cuestión teórica asociada avaliarase atendendo á pertinencia dos contidos informativos da resposta verbo do que se pregunta, á precisión no uso dos conceptos e á coherencia e articulación discursiva da exposición (especialmente nas súas referencias ao comentario de texto), na que ademais se terá en conta a corrección expresiva e gramatical. Deste xeito, a cuestión *Ética e política en Aristóteles* atenderá, entre outros contidos, aos elementos de “recta razón” e de “felicidade”, á noción de polis, autarquía e xustiza, etc. **Cualificación máxima 3 puntos.**

**4.2.** Explique un dos tres temas: **A cualificación máxima será de 4 puntos.**

**4.2.1.** Hume: crítica das ideas de substancia e causalidade.

**4.2.2.** Razón e progreso na Ilustración.

**4.2.3.** Ortega y Gasset: a razón vital.

O alumnado debe de responder a UNHA das tres opcións temáticas que se lle ofrecen. A avaliación da cuestión teórica escollida farase en base á pertinencia dos contidos informativos da resposta, á precisión no uso dos conceptos e á coherencia e articulación discursiva da exposición. Tamén terase en conta a corrección expresiva e gramatical.

**4.2.1.** Deste xeito, a cuestión *Hume: crítica das ideas de substancia e causalidade* atenderá, entre outros contidos, ás aportacións do Empirismo ao problema epistemolóxico da Filosofía Moderna, ás formas de experiencia como formas de impresións, ás ideas e impresións de reflexión, ás paixóns e ás emocións verbo da noción de substancia e de cualidade; o problema do causalismo e da inducción, ás cuestións de feito, os límites da regularidade da experiencia, a imposibilidade da metafísica, etc. **Cualificación máxima 4 puntos.**

**4.2.2.** Deste xeito, a cuestión *Razón e progreso na Ilustración* atenderá, entre outros contidos, ás diferentes comprensións da Razón como facultade na Época da Ilustración e da súa importancia nas diversas posturas filosóficas ilustradas acerca do “progreso” nesa Época, etc. **Cualificación máxima 4 puntos.**

**4.2.3.** Deste xeito, a cuestión *Ortega y Gasset: a razón vital* atenderá, entre outros contidos, á explicar o significado de “razón vital” (vitalismo) e a explicar a función contemporánea da filosofía verbo da realidade primeira e concreta (“vida”) do ser humano fronte ás categorías clásicas da Razón, a importancia da “perspectiva” e da “circunstancia” como fenómenos subjectivos de coñecemento, etc. **Cualificación máxima 4 puntos**